Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia:

- 1) A poñer en marcha, a través do Instituto Galego de Consumo, medidas de control, inspección e control sobre os produtos financeiros comercializados nas entidades financeiras en Galiza, garantindo a correcta comercialización, con axuste á lexislación vixente, en especial no referido aos deberes de publicidade, información e clasificación de ditos produtos.
- 2.- A que avalíe si os produtos financeiros comercializados son aptos para a clientela minorista, e que sexa a administración pública galega quen determine un posible cambio do perfil investidor dun cliente.
- 3.- A dirixirse ao goberno do Estado, para que na elaboración e contido normativo da transposición das Directivas da Unión Europea, se teña en conta o réxime competencial da propia administración galega, así coma a participación das organizacións de consumidores e dos sindicatos.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2017.



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 27/01/2017 13:49:28

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Luis Manuel Alvarez Martínez e Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O edificio do IES As Lagoas, situado en Ourense, estreouse en novembro de 1977 para o comezo do curso escolar 77-78, foi o terceiro instituto de bacharelato da cidade. As súas características construtivas dificultan conseguir un bo illamento térmico, notándose especialmente o frío en situacións concretas, como a actual etapa de xeadas continuadas ou en días como a volta ás clases tras as vacacións do Nadal, chegando o alumnado así como as e os docentes a soportar en ocasións nas aulas temperaturas que non superan os 13°C. Detectada que a causa destas temperaturas é claramente un problema de eficiencia enerxética, colocáronse no centro instrucións e recomendacións para paliar os defectos de illamento, pero a solución definitiva sería unha reforma de certa envergadura económica. Esa necesidade está sempre presente nas memorias de orzamentos do centro que se envían á Xunta de Galicia, mais o problema segue sen ser resolto pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar durante este ano un estudo das áreas máis frías do IES As Lagoas, e buscar unha nova distribución de calor polo centro.
2. Poñer en marcha durante o ano 2017 un novo sistema de illamento térmico.

Grupo Parlamentario

3. Realizar no IES As Lagoas un estudo do uso de enerxías suplementarias, como a xeotérmica e o uso de colectores solares, para que non se incremente o gasto en calefacción.

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Luis Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 27/01/2017 13:52:34

Raúl Fernández Fernández na data 27/01/2017 13:52:41

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/01/2017 13:52:48

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/01/2017 13:52:57

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/01/2017 13:53:03

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**, relacionada coas condicións retributivas do persoal do SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2009 o Goberno Galego suspendía por decreto, a aplicación dos acordos acadados no ano anterior cos sindicatos do eido sanitario, que situaban as condicións laborais e retributivas das traballadoras galegas coa media do Estado.

O motivo fundamental da suspensión do acordo era a situación económica, polo que a recuperación do mesmo viña condicionada por unha mellora en dita situación.

Oito anos despois da suspensión do acordo, o Goberno anuncia unha mellora nas situación económica, facendo un balance positivo dos recursos económicos así como incrementando os salarios tanto do presidente da Xunta nun 7,5% como dos altos cargos nun 7%.

Sen embargo, a recuperación dos acordos e as condicións retributivas das traballadoras sanitarias seguen sen aplicarse, deixando que se sitúen á cola das condicións laborais e salariais do resto do país.

As condicións do persoal que non se están a recuperar, son dereitos acadados e consolidados que fan referencia a retribucións específicas como por exemplo, un tratamento axeitado das prestacións de servizos nos domingos e festivos, nas gardas dos días 24, 25, 31 de decembro ou 1 de xaneiro.



As organizacións sindicais xa rexistraron ante a Consellería de Sanidade, solicitude para abrir unha mesa de negociación para a recuperación dos acordos acadados.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a abrir unha Mesa de negociación coas organización sindicais da mesa sectorial do SERGAS para a recuperación dos acordos acadados no 2008.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 30/01/2017 12:48:49

Luis Villares Naveira na data 30/01/2017 12:48:56

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Un dos problemas que vén afectando ao funcionamento diario dos concellos en Galicia é a imposibilidade de cubrir os postos de tesoureiro, interventor e/ou secretaría, por falta de candidatos.

Esta incapacidade, que afecta gravemente aos municipios pequenos e medianos, vén causada, en primeiro lugar, polo feito de que estes funcionarios deben ser a día de hoxe habilitados nacionais. Os nomeamentos existentes non son suficientes para cubrir as vacantes actuais de Galicia.

Esta situación vense de facer máis crítica por canto o *artigo 3* do Real decreto-lei 10/2015, do 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo á economía, modifica o exercicio de responsabilidade da Tesourería nas corporacións locais de menos de 5.001 habitantes, que é o caso de 200 concellos en Galicia. Ata agora podían ocupar eses postos con traballadores doutras categorías, pero co cambio, impónselles a habilitación nacional ou que contén con un funcionario propio do grupo A1 que voluntariamente se preste a desenvolver o labor.

Aínda que se prorrogou a entrada en vigor deste artigo durante un ano, a partir de xaneiro de 2017 faise efectiva, provocando unha situación de parálise da actividade municipal.

Ademais esta cuestión vese empeorada ao supoñer os salarios deses 200 tesoueiros un gasto engadido difícil de asumir, e que supón unha flagrante contradición coa Lei de racionalización e sostibilidade da Administración local, así como co principio de indemnidade das facendas locais e a normativa de estabilidade orzamentaria.

Grupo Parlamentario

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

1º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa o Goberno central para:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

a) Solicitalle que prorrogue de xeito inmediato a non obrigatoriedade da habilitación nacional para os tesoureiros dos concellos de menos de 5.001 habitantes.

b) Que modifique, con urxencia, a Lei reguladora das bases de réxime local (Art. 92 bis e disposición transitoria sétima) no referido á obriga de que as funcións de tesourería sexan desempeñadas por funcionarios con habilitación nacional, non xa en concellos de menos de 5.001 habitantes, senón en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes.

2º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que poña a disposición dos concellos que o precisen os medios económicos e/ou materiais para poder atender esta obrigatoriedade ata a prórroga ou modificación da dita norma.

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2017



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/01/2017 17:45:57

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/01/2017 17:46:03

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/01/2017 17:46:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/01/2017 17:46:23

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 18:21
Nº Rexistro: 4270
Data envío: 30/01/2017 18:21:14.604

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa a desbloquear a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A creación da Área Metropolitana de Vigo (AMV) perseguía vertebrar territorialmente o ámbito supramunicipal que se desenvolve na área de influencia da cidade de Vigo, e ao tempo, procurar o maior e mellor aproveitamento de sinerxías para a prestación de servizos comúns ao conxunto da veciñanza da AMV. Así se recollía na declaración de Soutomaior, subscrita por 14 concellos na altura do 23 de xuño de 2000, na que se demandaba, hai case dezasete anos, á Xunta de Galiza a creación da Área.

Malia que a Lei da área metropolitana de Vigo (4/2012) foi aprobada o 12 de abril de 2012, e que a mesma establecía que a constitución da AMV tería que se efectivizar nun prazo de tres meses desde a súa publicación no DOG (23 de abril de 2012), tal mandato non foi executado por causa da falla de acordo entre as diferentes administracións implicadas, e singularmente polo enfrontamento entre o Goberno municipal de Vigo e a Xunta de Galiza.

Para resolver esta situación e promover a creación da AMV, atinxiuse un novo consenso entre os 14 concellos que ían integrar a Área e a Xunta de Galiza. Un consenso que cristalizou na modificación da Lei de área metropolitana de Vigo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 18:21
Nº Rexistro: 4270
Data envío: 30/01/2017 18:21:14.604

(14/2016) aprobada o 27 de xullo polo Parlamento de Galiza. Ese acordo logrou concitar un amplo respaldo político e concibíase como o definitivo desbloqueo da situación.

O 1 de decembro de 2016, cando se cumprían tres meses da súa entrada en vigor após a publicación no DOG da referida modificación (1 de agosto), tivo lugar a a sesión constitutiva da Área Metropolitana de Vigo. Na sesión participaron os e as concelleiras metropolitanas de todos os grupos políticos, incluído o Partido Popular, que tomaron posesión de tal condición nese acto. Esa participación anuente visa a lexitimidade que se lle outorga ao acto de sesión, cuxa mesa de idade é presidida polo alcalde de Salvaterra Arturo Grandal, do Partido Popular. Na acta da sesión, durante a que se produce o abandono da mesma por parte do grupo metropolitano do Partido Popular, o presidente da mesa de idade proclama formalmente constituída a Área. Na mesma sesión procédese, á elección de Presidencia da AMV, sendo asumida polo Alcalde da cidade de Vigo.

Constituída a AMV, e designados os seus órganos de goberno, o 22 de decembro ten lugar a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Metropolitana, na que participan todos os e as membros, agás os representantes do Partido Popular.

Estes feitos supoñen reiniciar a disputa institucional entre o Goberno municipal de Vigo e a Xunta de Galiza, pola oposición do goberno galego a que a AMV se constituíse. Unha lea que acaba por xudicializar un conflito de evidente carácter político, coa interposición o pasado 20 de xaneiro, por parte da Xunta, dun recurso contencioso-administrativo contra a constitución da AMV e dos seus órganos de goberno. Esta decisión só persegue dificultar e atrasar a posta en marcha efectiva da Área Metropolitana de Vigo, o que supón un claro prexuízo para a veciñanza da área ao postergar a implementación de servizos mancomunados a nivel metropolitano.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 18:21
Nº Rexistro: 4270
Data envío: 30/01/2017 18:21:14.604

O conflito fica atravesado pola problemática derivada da inexecución do convenio subscrito o pasado 6 de xullo, entre Concello de Vigo, a empresa Vitrasa (como concesionaria do servizo de transporte urbano da cidade olívica) e Xunta de Galiza, para a integración de Vigo na área de transporte metropolitano de Vigo. Unha inexecución que ten causa na diverxencia de criterio referida unicamente á cuestión tarifaria, nomeadamente á compensación dos viaxes urbanos dentro do termo municipal de Vigo.

O transporte metropolitano é unha das principais demandas da veciñanza da AMV. Inda que o vixente plan de transporte metropolitano é anterior á constitución da AMV, e este presenta importantes déficits, a súa aplicación no conxunto do territorio da área é unha necesidade urxente. A pesar de que o citado convenio recolle que a interpretación que podería resolver o desacordo tarifario podería substanciarse a través da vía contencioso-administrativa, ningunha das dúas partes acudiu a este mecanismo, que a Xunta si que exerce, como xa se citou, para tentar anular xudicialmente a constitución da AMV.

É, pois, imperativo que se adopten medidas para resolver este litixio político, de cara a desbloquear a posta en marcha efectiva da Área Metropolitana de Vigo, para o que se formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“1. Exixir á Xunta de Galiza o retorno ao consenso atinxido entre os concellos e o Goberno galego que permitiu a modificación da Lei da Área Metropolitana de Vigo.

2. Instar ao Goberno galego a retirar o recurso contencioso-administrativo interposto contra a constitución da Área Metropolitana de Vigo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 18:21
Nº Rexistro: 4270
Data envío: 30/01/2017 18:21:14.604

e a designación dos seus órganos de goberno, para procurar unha solución político-institucional baseada no diálogo e no consenso entre as partes.

3. Instar á Xunta de Galiza a que execute o convenio asinado en materia de transporte metropolitano, a través dun acordo co Concello de Vigo a respecto do financiamento, que deberá garantir as mesmas tarifas para todas as persoas usuarias, con independencia do seu lugar de procedencia.”

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2017 18:20:01

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2017 18:20:08



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2017 18:21
Nº Rexistro: 4270
Data envío: 30/01/2017 18:21:14.604

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2017 18:20:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2017 18:20:16

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2017 18:20:19

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2017 18:20:22

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 5.ª, relativa á transferencia do Centro de Saúde de Mugardos á Consellería de Sanidade.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cumprimento dos acordos do Pacto Local de 2.006 para a cesión ao executivo da titularidade dos centros de saúde foi contrastadamente exíguo. Ao inicio do propio Pacto o número de traspasos foi limitado. Posteriormente a entrada do Goberno do Partido Popular non supuxo mellora algunha, xa que aínda que segundo os datos da Xunta traspasáronse 26 centros no ano 2011 e 25 no 2012, a partires desa data sufriuse a paralización dos traspasos.

No caso do centro de saúde de Mugardos o Concello deu cumprimento a todos os trámites administrativos e legais pertinentes no ano 2013, extremo que foi confirmado na Comisión de Sanidade do parlamento de Galicia por parte do Xerente do Servizo Galego de Saúde no ano 2016. Trasladando que era un dos centros prioritarios, precisamente por ter completa a documentación.

Non se comprende, polo tanto, que en xullo de 2016 se anunciasen 29 traspasos entre o que non está este centro. A pesares que, segundo a propia Xunta, o criterio de estes 29 concellos débese a que tiñan toda a documentación a día 31 de decembro de 2015.



Salta á vista, polo tanto, o agravo comparativo cun concello que dous anos antes, da data fixada coma criterio por parte da Xunta, xa tiña finalizados todos os trámites.

Por todos estes feitos, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a convocar coa FEGAMP a Comisión Mixta no menor tempo posible, aprobando, entre o traspaso de centros de saúde, o traspaso do Centro de Saúde de Mugardos no presente ano.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 30/01/2017 18:42:27

Luis Villares Naveira na data 30/01/2017 18:42:35

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López, Luís Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

As comarcas de Ferrol, Ortegal e A Mariña viven desde hai anos un paulatino e progresivo abandono e deterioro dos servizos de transporte público por ferrocarril, situación que se vén agravando nos últimos meses e que é consecuencia da suspensión de servizos, incidencias no transporte polos sucesos accidentais e un, cada vez maior, illamento da poboación que reside nestas comarcas que en moitos casos depende do tren para poder acceder con normalidade aos servizos públicos básicos, tales como o sanitario, educativo, xudicial, etc.

O servizo de transporte por ferrocarril nestas comarcas foi diminuindo cada ano en frecuencia de horarios, en persoal, en maquina e en información, ao tempo que a distribución de horarios non se axusta ás necesidades dos usuarios (estudiantado, traballadores e traballadoras, usuarios de servizos públicos sanitarios, etc), A este deterioro tamén é preciso sumarlle unha política comercial por parte de Renfe que dificulta moito a intermodalidade.

A rede de ancho métrico de Adif en Galicia ten unha distancia de 154 km, desde a cidade de Ferrol pk 0/000 ata o límite con Asturias, entre os concellos de Ribadeo e Vegadeo, pk 153/900 da liña Ferrol-Gijón.

O trazado ferroviario é de vía única sen electrificar en todo o percorrido que discorre por Galicia. Non ten ningún paso a nivel e a circulación realízase por Bloqueo Telefónico (desaparecido na maior parte da rede de Adif), xa que na maioría existe bloqueo automático con ou sen control de tráfico centralizado (CTC).

 Grupo Parlamentario

As estacións/apadoiros que están abertos á circulación son as seguintes:

- a) Provincia da Coruña: Ferrol, Xubia (Narón), San Sadurniño, Cerdido e Ortigueira.
- b) Provincia de Lugo: Viveiro, Xove, Burela e Ribadeo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Todas teñen enclavamento eléctrico excepto en Ferrol que é electrónico. A estación de Ferrol é conxunta coa rede de ancho ibérico, aínda que non hai conexións entre os servizos dos diferentes anchos sendo da mesma empresa. Entre Ferrol e Ortigueira é o único tramo en Galicia que está considerado como de proximidade, polo que hai bastantes frecuencias de servizos sobre todo entre Ferrol-Xubia-San Sadurniño. O resto das frecuencias son dos trens diarios de ida e volta entre Ferrol e Oviedo, e outros dous trens diarios de ida e volta entre Ferrol e Ribadeo que prestan fundamentalmente servizo de proximidade na Mariña lucense (Viveiro-Ribadeo).

A peculiaridade máis importante é que ten numerosas trincherras e túneles, así como zonas arboradas sobre todo de eucalipto, o que fai que cando hai temporais haxa numerosos desprendementos e caídas de árbores co conseguinte risco para a circulación de trens. Desde o outono do ano 2013 onde houbo unha serie de temporais importantes optouse por poñer limitacións de velocidade a 30 km/h nas trincherras con máis posibilidade de accidentabilidade, o que repercute nos tempos de viaxe, xa que se incrementou o traxecto Ferrol-Ribadeo nuns 20 minutos. Dase a circunstancias de que agora tardase 7 horas en realizar a viaxe entre Ferrol e Gijón, cando a finais dos anos 70 se realizaba a viaxe en 6 horas.

Acometéronse reformas de reforzo nalgúns trincherras, sobre todo no tramo comprendido entre San Sadurniño e Ortigueira, así como talas de árbores próximos á vía, pero estas actuacións vense limitadas polo orzamento asignado, co cal non se actúa en toda a rede. Tampouco repercutiu nos tempos da viaxe, porque a pesar das actuacións antes ditas, non se eliminaron as limitacións temporais de limitación de velocidade.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Outro punto no que se nota a falta de investimento e mantemento é que hai moitas estacións e apeadeiros con importantes deficiencias de iluminación, marquesiñas rotas e deterioradas. Destacar o feito de que para cambiar unha lámpada ten que desprazarse unha contrata desde Asturias, porque en Galicia non hai persoal encargado dese servizo, xa que as baixas que se producen por xubilación ou traslado en infraestruturas non se cobren.

Respecto aos servizos de viaxeiros estase a producir continuamente a súa supresión con transbordos por estrada por avarías continuas debido a que unha parte da flota de trens ten máis de 30 anos de antigüidade, e hai escaseza de orzamento para pezas de reparación. A isto súmase a falta de persoal de mantemento en talleres xa que só hai dous traballadores de cadro de persoal. O resto son contratas externas que dependen dos orzamentos para a súa contratación.

Outro problema que repercute é a falta de persoal de condución (maquinistas) e de comercial a bordo dos trens (interventores). No caso dos maquinistas hai 17 para uns servizos que fan falta 20, pero hai que ter en conta o absentismo polas baixas de enfermidade e/ou accidente. No caso dos interventores hai 5 para realizar uns servizos que fan falta 8, que igualmente hai que ter en conta o absentismo. A falta de maquinistas supón en moitas ocasións a supresión dos trens e que se teñan que realizar en taxi ou autobús, e a falta de interventores supón que na maioría dos trens de proximidade non haxa persoal de intervención co que moitos usuarios non abonan o prezo do billete e tampouco se contabilizan os viaxeiros. A dirección da empresa argumenta que hai controis de acceso (tornos), pero só existen nas estacións de Ferrol e Xubia, polo que os viaxeiros que suban ou baixen no resto de estacións e/ou apeadeiros entre Ferrol e Ortigueira na maioría das veces non pagan o billete.

Ante estes feitos reiterados e incesantes, os alcaldes dos concellos de Ferrol, Narón, San Sadurniño, Moeche, Cerdido, Ortigueira, O Vicedo, Viveiro, Cariño, Cedeira e Valdoviño mantiveron reunións estes últimos meses co fin de poñer en común a situación, recoller as demandas da

Grupo Parlamentario

veciñanza e dos colectivos afectados, e demandar solucións con carácter inmediato a esta problemática.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os sistemas públicos de transporte son necesarios para dar cobertura ás necesidades de mobilidade da cidadanía e ao seu dereito a acceder aos servizos públicos; esta necesidade é maior nun contexto demográfico como o existente na zona cunha parte considerable da poboación envellecida, dispersa e altamente necesitada de servizos públicos distantes (sanidade, sociais, etc).

Sen entrar en detalle nas amplas referencias lexislativas en relación co transporte público como elemento básico para un desenvolvemento sostible do medio rural, si convén recordar as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro da Xunta de Galicia, que recolle que as infraestruturas son un elemento estratéxico e global para a configuración do modelo territorial, contribuíndo á mellora da competitividade da economía, á vertebración dos territorios, a favorecer o asentamento da poboación rural e o que é máis importante, garantir a igualdade de dereitos e o benestar da cidadanía.

Nas DOT inclúense varias determinacións relacionadas co transporte de viaxeiros, as infraestruturas ferroviarias e a implantación de sistemas eficientes de transporte colectivos de proximidade, determinacións que nestas comarcas non responde á realidade. Especificase literalmente *“en relación aos espazos rurais, será preciso desenvolver solucións específicas que concilien as necesidades de mobilidade da poboación coa viabilidade dos servizos. Estas solucións precisarán conxugar distintas propostas como o fomento de modos de transporte colectivos adaptados ás necesidades de espazos con baixa densidade de poboación ...”*

As comarcas de Ferrol, Ortegal e A Mariña lucense deben recuperar a súa posición dentro da estrutura territorial galega para o que é imprescindible dispoñer de servizos públicos de transporte ferroviario que lle dean resposta ás necesidades de mobilidade da súa ampla poboación, e aos sectores económicos nunha aposta real e inmediata polo futuro do rural.

Grupo Parlamentario

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa ao Goberno central e lle solicite:

1º) Realizar as xestións oportunas a través do Ministerio de Fomento, para solicitar a Renfe a dotación urxente de medios humanos e material rodante necesario para realizar adecuadamente os servizos tanto de proximidade (Ferrol-Ortigueira) como de media distancia (Ferrol-Gijón), ofrecidos pola antiga Feve que permita conectar adecuadamente por ferrocarril toda a costa norte galega con Asturias desde Ferrol.

2º) Realizar as xestións oportunas con Adif e Renfe co fin de adoptar as actuacións necesarias para o correcto funcionamento deste trazado, tanto desde o punto de vista do mantemento da infraestrutura en condicións de seguridade, como comercial, que permita dispoñer dun servizo público e competitivo para a comunicación ferroviaria entre Ferrolterra, Ortegal e A Mariña lucense, así como co resto de servizos nacionais de larga distancia.

3º) Realizar os estudos necesarios de cara á avaliación das frecuencias necesarias de acordo ás necesidades horarias da poboación afectada, reducindo tanto os tempos de viaxe como o prezo dos billetes na liña de proximidade Ortigueira-Ferrol.

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 31/01/2017 11:02:00

Raúl Fernández Fernández na data 31/01/2017 11:02:11



Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 31/01/2017 11:02:19

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 31/01/2017 11:02:28

Maria de la Concepción Burgo López na data 31/01/2017 11:02:37

José Antonio Quiroga Díaz na data 31/01/2017 11:03:18

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/01/2017 11:03:31

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández, María Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada, Begoña Rodríguez Rumbo e María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

Un dos obxectivos máis importantes da política da Unión Europea consiste en separar o crecemento económico dos países membros do aumento do volume de vehículos necesarios para cubrir as súas necesidades. Non obstante, de todos é sabido que a realidade actual é máis ben contraria a este principio: ano tras ano o parque de vehículos utilitarios vai en aumento, así como o número de avións postos en ruta, etc, co conseguinte impacto en termos de pegada ecolóxica. As tendencias do sistema de transporte actual en Galicia en xeral, e na provincia da Coruña en particular amosan unha tendencia en aumento do volume de vehículos de xeito continuado, debido ao estilo de vida que seguimos. Así, o transporte por estrada e o aéreo medran con máis velocidade que o resto dos medios de transporte. Deste modo, o aumento na construción de infraestruturas de transporte baseado en estradas, aeroportos e terminais, vai en detrimento do mantemento e a renovación do estado das liñas de ferrocarril existentes, ou do deseño e a construción de novas liñas que permitan alcanzar obxectivos de redución de contaminación no transporte, e conseguir o axuste ás metas baseadas no desenvolvemento sostible a que o noso país está obrigado polos acordos internacionais. Todo isto ten un impacto medible sobre o cambio climático e sobre o medio ambiente que é preciso corrixir.

O transporte sostible baseado no transporte de persoas e mercadorías por medio do ferrocarril produce uns custos sociais e ambientais menores aos actuais, e reducen o peso do vehículo privado como medio de transporte e do petróleo como fonte de enerxía. A mobilidade sostible baseada no tren implica tamén a necesidade de modificar o comportamento humano co fin de garantir a calidade de vida actual e dos xeracións futuras. Non é un simple cambio de fonte de enerxía, senón que tamén implica a utilización de medios de transporte distintos dos habituais.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por outra banda, o transporte sostible a través do ferrocarril non debe circunscribirse unicamente a estudantes que se moven entre os campus universitarios, senón que debe abranguer ao traballador que entra e sae da cidade e os polígonos industriais adxacentes. Desempeña, polo tanto, un papel relevante como elemento vertebrador do desenvolvemento socioeconómico dun territorio, especificamente nas súas relacións coa industria, tanto no que se refire ao transporte de materias primas como á distribución do produto final ata os puntos de venda ao consumo, o que esixe contar coas políticas e programas necesarios que favorezan a dispoñibilidade de trens axeitados e infraestruturas de transporte específicas para a carga a transportar, portos secos de carga, estacións e apeadeiros que dean servizo ao espazo industrial do territorio, adecuándoos e ampliándoos de acordo ás necesidades, en especial aqueles que están máis cerca dos polígonos industriais.

No caso que afecta a esta iniciativa, as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal na provincia da Coruña, as infraestruturas que farían posible unha política de transporte sostible de persoas e mercadorías están seriamente descoidadas, sobre todo se atendemos ao estado actual das estacións e apeadeiros, Pola súa parte, as frecuencias de trens fóronse reducindo nos últimos anos, facendo que o uso do tren perda interese para o usuario de curto percorrido, que conta cun sector de usuarios específico en determinados tramos horarios, como é o caso dos estudantes e traballadores de polígonos industriais, sempre que se axilizasen os traxectos e se permeabilizase a súa dispersión desde a estación aos diferentes puntos de destino.

En definitiva, a mobilidade sostible baseada no transporte de viaxeiros e mercadorías a través do ferrocarril, susténtase en tres piares:

- a) Racionalización e restrición do uso do vehículo privado
- b) Potenciación do transporte por ferrocarril
- c) Planificación territorial axeitada

Neste sentido, o desenvolvemento e a potenciación de novas liñas de transporte de ferrocarril ou o mantemento das actuais en Galicia non foi en consonancia co resto do Estado. A liña de ferrocarril A Coruña-Ferrol, por exemplo, vén sufrindo recortes non últimos anos nos seus servizos de proximidades provocando a conseguinte e drástica diminución de pasaxe. Tales recortes parecen estar orientados mais ben a xustificar a total eliminación pola vía da perda de competitividade. Ademais, o recorte de frecuencia nos trens ten varios impactos relevantes. En primeiro lugar, deixa incomunicadas poboacións intermedias, e en segundo, sobrecarga as estradas próximas. En terceiro lugar, reduce o cadro de

Grupo Parlamentario

traballadores e finalmente, deixa a estudantes que circulan entre os campus da Coruña e Ferrol sen servizo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A recuperación de frecuencias de acordo ás necesidades da poboación e a redución dos prezos dos billetes, así como a mellora de tempos das viaxes, contribuiría a fomentar este transporte colectivo.

A renovación da liña ferroviaria contribuiría ao desenvolvemento socioeconómico da gran área metropolitana Ferrol-Coruña, á cohesión territorial, á competitividade, e a xerar un maior asentamento das poboacións e ao crecemento económico e demográfico, ademais dunha mellora ambiental notable derivada da redución de tráfico nas estradas, co conseguinte impacto ambiental positivo.

A falta de servizos adecuados á poboación, a redución de paradas e o peche das estacións, unido á falta de investimentos para a modernización da infraestrutura, está ocasionando unha perda constante de usuarios nesta liña. É inaceptable o illamento por ferrocarril das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, co abandono do proxecto Eixo Atlántico entre Ferrol e Vigo.

O traxecto ferroviario Ferrol-Coruña debería considerarse como unha liña de proximidade por ferrocarril, tal e como existe en todas as comunidades do litoral onde se concentran as maiores densidades de poboación.

O agravio comparativo destas tres comarcas con respecto ao resto das comarcas costeiras de Galicia (Coruña-Vigo), e co resto de comunidades do Estado, é inxustificable. Comunidades con moita menos poboación, teñen liñas de proximidade cun número de servizos e cadencias moito maior ca estas. Sirva como exemplo que o tren hotel a Madrid sae 15 minutos antes da estación de Ferrol e chega a Madrid 1 hora e vinte minutos máis tarde, dándose a circunstancia de que dúas horas despois de saír de Ferrol, aínda non pasou por Betanzos.

Ademais, potenciar o desenvolvemento industrial significa recoñecer a potencialidade industrial do eixo Ortegal-Ferrol. Eume-A Coruña e as súas derivacións, abaratando os custos de transporte e aumentando de modo significativo a seguridade viaria.

Grupo Parlamentario

A necesaria renovación da liña entre A Coruña e Ferrol contribuirá, sen dúbida, á recuperación económica e industrial da comarca de Ferrol e á conexión das súas instalacións portuarias coa rede ferroviaria europea.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo isto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa o Goberno central e lle solicite:

- a) Licitar de forma inmediata os estudos necesarios para a conexión directa entre A Coruña e Ferrol.
- b) Que realice as xestións oportunas con ADIF e RENFE co fin de adoptar as actuacións necesarias para a modernización dese trazado, tanto desde o punto de vista técnico como comercial, que permita dispoñer dun servizo público e competitivo que permita establecer a comunicación necesaria entre A Coruña, Ferrolterra, Eume e Ortegá, tanto co Eixo Atlántico (existente) Ferrol-Vigo, como co resto de servizos nacionais de longa distancia.
- c) Que realice os estudos oportunos de cara á avaliación das frecuencias necesarias de acordo ás necesidades horarias das poboacións afectadas, reducindo tanto os tempos de viaxe como o prezo dos billetes na liña A Coruña-Ferrol.

Parlamento de Galicia, 25 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 31/01/2017 10:59:58

Raúl Fernández Fernández na data 31/01/2017 11:00:14

María Luisa Pierres López na data 31/01/2017 11:00:40



Grupo Parlamentario

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/01/2017 11:00:51

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/01/2017 11:01:03

María Dolores Toja Suárez na data 31/01/2017 11:01:08

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/01/2017 11:01:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

No ano 1986, o Concello de A Coruña estableceu un convenio de colaboración co Insalud para a atención da saúde mental infante - xuvenil. O Insalud asumía a dotación do psiquiatra e o concello aportaba os recursos materiais (consultorio na rúa Cabo Ponte Anido, diverso material funxible, etc) e completaba os recursos humanos (traballadora social, psicóloga e persoal administrativo).

Posteriormente se reabriu o Hospital Materno – Infantil, ou Hospital Teresa Herrera, establecéndose unha Unidade de Saúde Mental Infante - Xuvenil nese centro hospitalario dotada cun psiquiatra, psicólogo e enfermeira, todo persoal adscrito naquel momento tamén ao Insalud, pero integrado no Sergas a partires do 1991.

Na actualidade, é a única Unidade de Saúde Mental Infante - Xuvenil da área sanitaria de A Coruña e atende a unha poboación de 0-16 anos de aproximadamente 515.000 persoas. O Plan estratéxico de saúde mental 2006-2011 asume como recomendación que existan 2 unidades para esta área sanitaria, recoñecendo a existencia dunha soa e sinalando a necesidade de incorporar unha a maiores.

Ademais, no ano 2012, o Concello de A Coruña decidiu trasladar o consultorio da rúa Cabo Ponte Anido, local que única e exclusivamente se dedicaba a consulta de Psicoloxía, ao Centro Cívico de Eirís. No centro cívico non se cumpren os requisitos legais de confidencialidade e de protección da historia clínica, que nese centro se realizan en soporte papel,

Grupo Parlamentario

cuestión que implica unha clara desprotección dos datos de carácter persoal do usuario e que ademais establece unha falta de coordinación entre os distintos membros da equipa asistencial.

A maiores das dificultades de atender a unha poboación dese tamaño cun reducido número de persoal, non ten sentido nin a duplicidade de recursos nin que un Concello asuma o coidado da saúde mental infanto – xuvenil que corresponde ao Sergas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Integrar esta consulta de psicoloxía infanto-xuvenil e ao persoal que nela traballa, coa conseguinte reubicación, na rede asistencial do Sergas, co respecto da equipa da Unidade de Saúde Mental do Hospital Teresa Herrera, coa finalidade de garantir os dereitos da cidadanía e mellorar a continuidade asistencial.
2. Establecer, de acordo coas e cos profesionais implicados, unha reorganización dos servizos de saúde mental do Sergas, para detectar e subsanar as necesidades existentes a través dun plan de mellora do servizo para a área sanitaria da Coruña.

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Noela Blanco Rodríguez

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 31/01/2017 11:22:12

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/01/2017 11:22:18

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/01/2017 11:22:25

Noela Blanco Rodríguez na data 31/01/2017 11:22:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/01/2017 11:22:33

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, e da súa deputada, Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

"O resultado é sangrante. Temos dun lado, unha recorrente que se esforza en demostrar con alegacións e omisións clamorosas do expediente, unha especie de conxura do Tribunal cualificador con burla das bases da convocatoria para desprazar ao segundo exercicio a funcionalidade selectiva, real e decisiva, mediante o cómodo artificio de declarar tantos aprobados no último exercicio como prazas convocadas... polo patente panorama indiciario de maquinación evidenciado pola demandante..."

Estas, e outras, son algunhas das conclusións que recolle a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ditada con data 26 de setembro de 2016 no recurso contencioso-administrativo 656/2011 interposto contra as decisións contidas na resolución do 15 de outubro de 2010 do tribunal cualificador do proceso selectivo para o ingreso no Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, quenda libre, convocado pola Orde do 18 de xullo de 2008.

Sentenza que tivo que ditar o TSXG como resultado da ditada neste asunto polo Tribunal Supremo (TS) o 26 de outubro de 2015, que observa nos seus fundamentos xurídicos unha serie de defectos procedimentais no sinalado proceso selectivo, como a ausencia de notas parciais dos membros do tribunal, o que produce a indefensión do recorrente, a ausencia de criterios obxectivos sobre a solución acordada polo tribunal cualificador, o modo de calcular a puntuación media, a aplicación concreta dos criterios de corrección de cada exame ou unhas mínimas xustificacións ou razoamentos que permitan coñecer os motivos que levaron aos membros do tribunal a dar as notas.

A lectura literal dos fundamentos xurídicos e as conclusións tanto do TS como do TSXG respecto das incidencias deste proceso selectivo son o suficientemente graves como para poñer de manifesto un proceder inaceptable tanto do propio tribunal cualificador como da Dirección Xeral de Función Pública (Consellería

Grupo Parlamentario

de Facenda), que atenta aos principios constitucionais de mérito, igualdade e capacidade no ingreso no emprego público e deteriora de forma clara a confianza da sociedade no funcionamento dos sistemas selectivos na Administración Pública. É máis, estas sentenzas deben dar lugar á correspondente esixencia de responsabilidade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non obstante, lonxe de tratarse dun suposto illado que debe de ser reparado na correspondente execución de sentenza, novos pronunciamentos xudiciais están a manifestar que nos atopamos ante unha problemática xeral no actuar da Xunta de Galicia en materia de procesos de ingreso no emprego público da Comunidade Autónoma.

A recente sentenza tamén do TSXG ditada o 19 de outubro de 2016 sobre a resolución tamén da Consellería de Facenda do 10 de decembro de 2014 no proceso selectivo para o ingreso no Corpo de Axudantes Facultativos da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala de delineantes, tamén incide nesta problemática "dado o cúmulo de irregularidades cometidas...".

Ou a sentenza do pasado 5 de decembro de 2016 do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra que anula o procedemento de selección do posto de xefe do servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra que tivo lugar en 2012, que evidencia un procedemento viciado e tendencioso por parte da Xerencia do CHOP.

A este conxunto de fallos xudiciais que están poñendo en evidencia a imparcialidade, a obxectividade e a seguridade xurídica dos procedementos de selección de persoal que durante estes últimos anos está desenvolvendo a Administración autonómica, únese a nova posición xurisprudencial que se está a consolidar na materia, de forma que a concepción da discrecionalidade técnica da que gozan os tribunais de selección ten quedado obsoleta; os tribunais de xustiza permiten, esixen, un maior control, reducindo os espazos inmunes. Non se está revisando o núcleo material da decisión, é dicir, o estrito ditame ou xuízo de valor técnico, senón fiscalizando os denominados "arredores", as actividades preparatorias ou instrumentais que rodean a ese estrito xuízo técnico para facelo posible e, doutra banda, as pautas xurídicas que tamén son esixibles a ditas actividades.

Grupo Parlamentario

Ante este novo criterio xurisprudencial que incrementa as garantías de control xudicial nos procesos de selección, e considerando os numerosos procesos que xestiona a Consellería de Facenda que se están a anular polos tribunais de xustiza, as centrais sindicais CIG, CCOO, CSIF e UGT veñen demandando da Dirección Xeral de Función Pública que se retomen as negociacións paralizadas desde marzo de 2016 para a elaboración de novas Instrucións de funcionamento e actuación dos tribunais de selección, mesmo coa incorporación da figura do "observador da legalidade", xa implantada noutras administracións públicas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a retomar na Mesa Xeral de Negociación de Emprego Público a elaboración de novas Instrucións e boas prácticas dos tribunais de selección da Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/01/2017 12:17:42

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/01/2017 12:18:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/01/2017 12:18:09

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**, relacionada co modelo de agullas da diabetes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son moitas as reclamacións que dende diferentes colectivos como as asociacións que compoñen a Federación Galega de Diabéticos, así como dende SOS Sanidade Pública, se están levando a cabo en relación aos graves problemas que provoca a utilización das agullas para a administración de insulina que actualmente emprega o SERGAS.

Os colectivos de persoas afectadas, denuncian problemas na inxección, hematomas, rotura das agullas, extravasación de insulina que leva a non pincharse as unidades correctas, así como a oclusión das mesmas co cal non se poñen a cantidade de insulina que precisan.

Tendo en conta que as persoas enfermas teñen que pincharse de forma habitual ao longo da súa vida e que en moitos casos o teñen que facer varias veces ao día, o uso deste material por parte do SERGAS supón un risco para as persoas doentes.

Nos últimos meses, SOS Sanidade Pública alertou desta situación á Consellería, á que tamén se lle deu traslado dende a Valedora do Pobo da reclamación presentada ante a mesma polos diferentes colectivos.



Ante a falta de actuación por parte do SERGAS, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que proceda a substituír as agullas empregadas actualmente por outras de calidade, así como a priorizar na compra de ditas agullas os criterios médicos e técnicos que garantan un material de calidade.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 30/01/2017 18:18:59

Luis Villares Naveira na data 30/01/2017 18:19:05



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:03
Nº Rexistro: 4310
Data envío: 31/01/2017 13:03:41.294

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa ao incremento da factura de luz dos galegos e galegas por obrigir o goberno central a cargar o canon eólico e ás actuacións que ten pensado impulsar o goberno galego.

A Lei do sector eléctrico en vigor dende 1997 abría a porta a encarecer a tarifa nunha autonomía ou concello no caso de contar con tributos sobre o sector. Esta posibilidade converteuse en imposición coa nova Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, que contemplaba no punto 4 do artigo 16 que “en caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao subministro eléctrico foran gravadas, directa ou indirectamente, con tributos propios das CCAA ou recargas sobre os tributos estatais, á peaxe de acceso poderá engadírselle un suplemento territorial que cubrirá a totalidade do sobrecusto provocado por ese tributo ou recargo e que deberá ser abonado polos consumidores localizados no ámbito territorial da respectiva comunidade autónoma”.

O BNG, na emenda á totalidade a este proxecto de lei do sector eléctrico xa alertaba desta cuestión, sinalando que “é un Proxecto de Lei claramente centralista que non contempla as diferentes achegas ao sistema eléctrico desde o ámbito territorial e que impide a comunidades autónomas excedentarias como a galega o desenvolvemento dunha política enerxética propia.” E recalcábamos que abríase a porta “a que as Comunidades Autónomas con impostos propios á actividade de subministro eléctrico,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:03
Nº Rexistro: 4310
Data envío: 31/01/2017 13:03:41.294

como en Galiza, paguen un suplemento territorial; esta medida discrimina negativamente ás Comunidades que soportan as instalacións de xeración, o que implica que as comunidades que teñen que soportar os custos sociais e medioambientais da xeración eléctrica, no canto de verse recompensadas, vense prexudicadas dobremente”.

Estes suplementos territoriais non entraron en vigor coa implantación da lei, polo que Gas Natural Fenosa recorreu ante o Supremo, que ven de darlle a razón, o que implica a incorporación inmediata destes suplementos.

Polo tanto, trátase dunha clara discriminación dos consumidores galegos, que non so teñen que ver como non obteñen ningún beneficio por vivir nun territorio excedentario na produción eléctrica, senón que se ven penalizados por ese feito. Ademais, este “suplemento” pon de manifesto a falacia de que existe unha tarifa unificada para todo o Estado. As galegas e galegos pagaremos máis que os territorios que non producen electricidade. Dende o BNG cremos que debe existir un prezo da electricidade asociado á situación de territorio excedentario ou deficitario, de cara a que, no caso de tratarse dun territorio excedentario, repercuta positivamente na economía dese territorio e asuma así algún beneficio en compensación das externalidades negativas que produce o sector eléctrico.

O canon que a Xunta cobra á eólica estímase que no 2017 terá unha recadación de 22,9 millóns de euros. Segundo as cifras que manexa a CNMC sobre o número de clientes do servizo eléctrico que hai na comunidade, ao redor de 1,7 millóns, supón que a cada un dos consumidores galegos tocaríalle abonar case 13 euros anuais de media. En Galiza existe tamén o canon hidráulico e a ecotaxa, que pagan as empresas eléctricas á Xunta, e que, teoricamente, tamén poderían sumarse a ese hipotético suplemento territorial a pagar polos galegos/as.

Para rematar, cómpre sinalar como a aplicación destes suplementos nos amosa o errado do modelo eólico deseñado pola Xunta de Galiza de Feijóo, xa que o canon



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:03
Nº Rexistro: 4310
Data envío: 31/01/2017 13:03:41.294

eólico é un tributo que penaliza a enerxía eólica, o que supuxo no momento da súa implantación un claro paradoxo, ao existir tamén axudas á produción en forma de primas ou tarifas reguladas. Non se pode “primar”, e dicir, incentiva, e ao mesmo tempo “gravar”, isto é, “desincentivar” a mesma actividade económica. Polo tanto, a xunta renunciou á participación pública do Goberno Galego nos proxectos eólicos e a cambio impulsou un canon que vai ter que ser pagado polos consumidores, o cal trátase doutro claro exemplo do fracaso da política eólica de Feijóo.

Por todo isto, formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a demandar do estado a modificación do punto 4 do artigo 16 da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, de xeito que o feito de un territorio ser produtor de enerxía repercuta positivamente nos consumidores dese territorio en forma dun menor recibo da luz, no canto de que, como sucede na actualidade, vaia a significar un maior custo.”

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 13:03
Nº Rexistro: 4310
Data envío: 31/01/2017 13:03:41.294

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/01/2017 13:01:45

Olalla Rodil Fernández na data 31/01/2017 13:02:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/01/2017 13:02:37

María Montserrat Prado Cores na data 31/01/2017 13:02:41

Xosé Luis Bará Torres na data 31/01/2017 13:02:45

Ana Pontón Mondelo na data 31/01/2017 13:02:49

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

No BOE do 6 de agosto de 2014, publicouse o Real decreto 675/2014, do 1 de agosto, polo que se establecen as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira.

Que o dito Real decreto establece na propia exposición de motivos que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo acordou coas organizacións sindicais e empresariais, un marco de actuación para a minaría do carbón e as comarcas mineiras para o período 2013-2018, no que se ten trasladado a necesidade de incluír, entre outras, medidas destinadas a aliviar as consecuencias sociais e rexionais do peche das minas.

Que este real decreto establece e regula a concesión de axudas orientadas a fomentar o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras do carbón, entre outras, para a execución de proxectos de infraestruturas de carácter anual ou plurianual que serán financiadas con cargo aos créditos orzamentarios do Instituto para a Reestruturación da minería do carbón e o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras (IRMC), no marco da política de desenvolvemento alternativo das zonas mineiras do carbón para o período 2013-2018.

Que o ámbito xeográfico establecido para estas axudas, artigo 4, establece que, con carácter excepcional se poderán contemplar actuacións concretas nos concellos afectados pola minaría do carbón na comunidade autónoma de Galicia e que detalla no Anexo II (A Coruña: A Capela,, As Somozas, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Laracha, Mañón, Monfero, Ordes, Ortigueira, San Sadurniño, Tordoia, Pontes de García Rodríguez. Lugo: Muras e Xermade).

Que para a selección das actuacións que se pretendan financiar, creárase unha comisión de cooperación entre o Instituto para a reestruturación da minaría do carbón e o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras (IRMC) e a comunidade autónoma, que se reunirán de modo ordinario, unha vez ao ano.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á vista deste Real decreto 675/2014, que entrou en vigor hai case de dous anos e medio, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1ª) Se dirixa o Goberno central con fin de constituír á maior brevidade posible, a Comisión de Cooperación.

2ª) Estableza unha mesa entre a Comunidade Autónoma galega e os concellos relacionados no anexo II do RD para establecer, á maior brevidade posible, a selección das actuacións e redactar os convenios de colaboración para cada unha das actuacións elixidas.

3ª) Convoque, á maior brevidade posible, a Mesa para o desenvolvemento do Plano do carbón 2006-2012, co fin de recuperar os fondos anulados unilateralmente polo Goberno central no ano 2011.

4º) Se dirixa ao Goberno central con fin de recuperar os fondos anulados.

Pazo do Parlamento, 27 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/01/2017 13:24:23

Abel Fermín Losada Álvarez na data 31/01/2017 13:24:33

Jóse Manuel Pérez Seco na data 31/01/2017 13:24:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/01/2017 13:24:55



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2017 10:40
Nº Rexistro: 4347
Data envío: 01/02/2017 10:40:04.005

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

Un dos obxectivos fundamentais asignados ao INGACAL é o desenvolvemento da investigación agrícola, gandeira e alimentaria de Galiza, así como o impulso do desenvolvemento e a transferencia tecnolóxica. Actúa como medio propio da Administración en áreas basicamente tecnolóxicas como son a investigación e a transferencia de tecnoloxía.

A xeración de investigadores formada nos mellores centros de investigación agraria do mundo, nos anos 70 do pasado século, xubilouse coincidindo coas lexislaturas do sr.Feijoo como Presidente do Goberno Galego.

Moitos investigadores seguiron voluntariamente ata os 70 anos, (a algún deles negóuselles poder continuar cumpridos os 65) e ós investigadores que realizaron as súas teses ó abeiro da súa experiencia e coñecemento, non se lles deu a oportunidade de continuar por non convoca-los procesos selectivos para cubri-las prazas de investigación vacantes, tendo que marcharse con máis de 40 anos de idade con extensos e brillantes curriculum, adaptados ás liñas prioritarias de investigación agraria.

Entre as liñas de investigación mais salientables que quedaron sen investigadores e que afectan ós sectores fundamentais do rural galego destacan:

---Economía agraria.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2017 10:40
Nº Rexistro: 4347
Data envío: 01/02/2017 10:40:04.005

---Mellora xenética de millo.

---Banco de xermoplasma de variedades pratenses.

---Sistema extensivo de produción de carne de vacún en base a pastos e forraxes.

Estas liñas de investigación poderían ter continuidade se fosen convocados os procesos selectivos para cubrir ditas prazas vacantes.

A Xunta de Galicia, que só dispón de organismos de investigación pública nas áreas de investigación agraria (incluído o sector forestal) e pesca, non ten orzamentada ningunha vía de financiación que permita realizar proxectos de investigación agraria no INGACAL.

O organismo que debería financiar os centros da Xunta, o GAIN deixou fóra o INGACAL, pero non así a outros centros que dependen do Estado, como o CSIC, que ven recibindo anualmente 400.000 euros vía convenios.

A consellería de pesca si orzamenta ao redor de un millón de euros anuais para proxectos de investigación, que non foron transferidos ó GAIN, en cambio si foron transferidos, no seu momento e co obxecto “dunha mellor xestión e coordinación administrativa” ao GAIN, os preto de 400.000 euros anuais que dispoñía a consellería de medio rural para financiar proxectos estratéxicos de investigación agraria.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, no seu Artigo 49º :Organización dos traballos dos medios propios e servizos técnicos, establece que:

“O medio propio deberá dispor da estrutura e dos servizos técnicos suficientes para facerse responsable da organización e xestión dos traballos que desenvolva e das prestacións encargadas así como da súa calidade técnica”.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2017 10:40
Nº Rexistro: 4347
Data envío: 01/02/2017 10:40:04.005

O Goberno da Xunta está tamén a incumprir as súas propias directrices sinaladas na “*GUÍA DA COLABORACIÓN PÚBLICO-PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTONÓMA DE GALICIA*”, elaborada pola Consellería de Vicepresidencia, que no seu artigo 8, referente a autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público sinala:

“as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico”

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta ó Goberno galego a:

1. Elaborar no presente ano un Plano Estratéxico de Innovación no medio rural galego, debidamente orzamentado e estruturado en accións concretas en materia de investigación, formación, transferencia e innovación agraria dirixido á sustentabilidade económica, social e ambiental das explotacións agrogandeiras e das pequenas e medianas industrias agroalimentarias de Galiza. Contando para elo, de forma principal, cos centros de investigación e centros de formación e experimentación agroforestal da consellaría do Medio Rural, que deben actuar de forma conxunta e coordinada como axentes de desenvolvemento e de innovación no rural.

2. Dotar de forma inmediata ao ente público INGACAL dos bens humanos e materiais que lle permitan cumprir os obxectivos que lle foron consignados na lei 2/2005 de calidade alimentaria de Galiza e no seu decreto de funcionamento (259/2006, do 28 de decembro). En concreto: a) finalizar a adscrición dos bens dos Centros de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2017 10:40
Nº Rexistro: 4347
Data envío: 01/02/2017 10:40:04.005

Investigación da Consellería de Medio Rural ao ente público Instituto Galego da Calidade Alimentaria, proceso paralizado desde comezos de 2009; b) restituír os fondos propios para os gastos de funcionamento dos centros dependentes do INGACAL e c) convocar a cobertura urxente de postos de investigación para as áreas estratéxicas descritas, con carácter interino ou permanente, mediante convocatoria pública nas distintas especialidades e tendo en conta o perfil e os méritos do persoal.

3. Completar no presente ano a elaboración e aprobación do regulamento de adaptación dos estatutos do ente público INGACAL ós de axencia pública segundo o disposto na LOFAXGA así como dun programa de actuación cuadrienal onde figuren os obxectivos operativos, o cadro de persoal e a correspondente dotación orzamentaria, todo elo en consonancia coa planificación do Plano Estratéxico de Innovación no medio rural galego e as estratexias de especialización (RIS3) da Xunta de Galiza.”

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2017 10:40
Nº Rexistro: 4347
Data envío: 01/02/2017 10:40:04.005

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2017 10:38:44

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2017 10:39:23

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2017 10:39:27

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2017 10:39:37

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2017 10:39:41

Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2017 10:39:44

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O dereito a unha vida independente é unha cuestión de dereitos humanos e así o recoñeceu a Organización das Nacións Unidas na Convención de Dereitos das Persoas con Discapacidade (2006) que España ratificou en marzo de 2007 e que entrou en vigor no noso país en maio de 2008.

A asistencia e asistentes persoais recóllense no panorama social español por mor da súa incorporación na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

A Lei de dependencia recolle no seu artigo 19: "A prestación económica de asistencia persoal ten como finalidade a promoción da autonomía das persoas con gran dependencia".

O seu obxectivo é contribuír á contratación dunha asistencia persoal, durante un número de horas, que facilite á persoa beneficiaria o acceso á educación e ao traballo, así como unha vida máis autónoma no exercicio das actividades básicas.

É preciso desenvolver ferramentas sociais que permitan ás persoas tomar o control das súas vidas e vivir onde viven todos os demais, é dicir, en comunidade cunha vida independente.

A existencia do asistente persoal, dirixida precisamente a desenvolver a autonomía, baséase no desexo e o dereito das persoas con diversidade funcional de controlar a súa propia vida e a vivila con dignidade, o que leva estar en igualdade de oportunidades co resto da cidadanía. Trátase dun

Grupo Parlamentario

recurso complementario adecuado para alcanzar a máxima independencia posible, desenvolvemento persoal e participación social a partir da súa capacidade para xestionar a súa propia vida.

Segundo datos do Observatorio de Dependencia, a data 31 de decembro de 2015, ningún galego ou galega en situación de dependencia gozaba da prestación de asistente persoal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que proceda a fomentar a prestación de asistencia persoal, e desenvolver un conxunto de medidas orientadas a facer tanxible o dereito á vida independente das persoas en situación de dependencia.

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/02/2017 11:17:51

Julio Torrado Quintela na data 01/02/2017 11:17:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2017 11:18:01

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A maior evidencia de que a muralla de Lugo necesita dun proxecto serio e amplo de investigación, e o feito de que cada vez que se realiza algún traballo de rehabilitación ou consolidación nela, atópase algo novo e descoñecido.

Así, no mes de xullo, cando se estaban realizando obras de consolidación no cubo VI, atopouse un túnel na muralla, do que parece que se tiñan referencias orais, pero ningunha constatación arqueolóxica.

Polas noticias que a consellería foi dando, parece que a entrada do túnel estaba case tapada por un pozo da rede de saneamento da cidade e que foi parte dun canal de augas residuais. A entrada é angosta pero no interior ten unha altura considerable que permite estar de pé a unha persoa.

Dende o primeiro momento xurdiron diversas teorías, como que podía ser construído para evacuar as augas dunha curtiduría que se situaba no terreo colindante na idade medieval ou moderna, dado que aparece tamén un muro de mampostería xusto enfronte da entrada do túnel que podería formar parte do pilón de dita curtiduría.

Ao parecer fixéronse análises dos restos para ter unha datación clara e, aínda que o principio se cría que era medieval, a conclusión que se deu a coñecer é que era romano, construído polo tanto formando parte xa da muralla dende o inicio o que o fai un achado enormemente interesante e que pode ampliar en gran medida o noso coñecemento sobre este Patrimonio da Humanidade.

Grupo Parlamentario

Pero dende esta noticia da datación dada a coñecer en agosto, nada mais se soubo sobre o túnel nin sobre a actividade da consellería sobre este achado.

Dende logo consideramos que este descubrimento é de grande importancia e que polo tanto ten que ser obxecto dunha ampla investigación arqueolóxica que non só chegue a conclusións sobre as características e utilidade do túnel, senón tamén sobre a propia construción da muralla e que permita á consellería tomar decisións sobre este túnel e sobre como conservalo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar unha investigación exhaustiva sobre a orixe, características e utilidade do túnel descuberto na Muralla de Lugo e a, unha vez coñecidas as conclusións, tomar as medidas e decisións adecuadas para a súa conservación.

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 01/02/2017 13:33:34

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 01/02/2017 13:33:43

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2017 13:33:49

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O 1 de decembro de 2016 foi aprobada, na Comisión de Educación e Deporte do Congreso dos Deputados, a creación dunha subcomisión para a elaboración dun gran pacto de Estado social e político pola educación a petición dos grupos parlamentarios Socialista, Popular e Cidadáns.

Esta subcomisión elaborará un informe sobre o estado e a situación do sistema educativo español que conteña un diagnóstico cunhas propostas e unhas conclusións pola Educación, para acadar os obxectivos educativos europeos recollidos na Estratexia Educación e Formación 2020 da Unión Europea.

O devandito pacto servirá de base para que o Goberno elabore un proxecto de lei básica de Educación, que substitúa á lexislación vixente, e que naza con vocación de estabilidade a partir dun amplo acordo parlamentario e social.

Ademais, na proposta de creación da subcomisión establécese que deberá realizar e presentar o informe nun prazo máximo de seis meses desde a súa constitución.

Por outro lado, na Conferencia de Presidentes celebrada en Madrid o día 17 de xaneiro de 2017, acordouse, entre outros asuntos, encomendar ao Goberno de España a solicitude da convocatoria da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado para celebrar un debate monográfico sobre educación que incorpore o diagnóstico e as achegas aos traballos do Pacto de Estado Social e Político pola Educación, e buscar a máxima coordinación entre ambos os traballos co fin de incorporar a visión das administracións autonómicas e as comunidades educativas.

Grupo Parlamentario

Como o propio acordo explícita, nese pacto son pezas crave as administracións autonómicas que contan con importantes competencias para a implantación dunha futura lei educativa.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Resulta da máxima relevancia que a visión que se traslade dende a Comunidade Autónoma de Galicia conte cun amplo consenso político e social, que é a base sobre a que ese pacto de Estado pode ser viable, polo que se fai necesario e urxente coñecer de forma explícita o procedemento que se seguirá para acadar ese consenso.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que, con carácter urxente, poña en marcha os mecanismos necesarios para acadar unha posición de consenso das forzas políticas da comunidade autónoma cara á postura que defenderá na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado con relación ao Pacto de Estado Social e Político pola Educación.

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 01/02/2017 13:48:28

Maria de la Concepción Burgo López na data 01/02/2017 13:48:40

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2017 13:48:56

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa dos deputados e deputadas Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**, relativa á creación dun Plan de comunicación turístico online.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Internet é unha ferramenta imprescindible na sociedade actual. A búsqueda de información ou as compras a través de este medio non fan máis que crecer ano tras ano. Estar presente nos primeiros postos dos motores de búsqueda é fundamental para o éxito da maioría dos proxectos, e necesita dunha estratexia comunicativa online boa para poder competir no mercado.

O sector turístico é un reflexo desta evolución cara o dixital. En países como Suecia ou Noruega, as reservas online representa máis do 80% das reservas vocacionais, deixando nun segundo plano as axencias de viaxes tradicionais. Este sector, o turístico, é un dos máis avanzados no que a e-commerce se refire a nivel mundial.



Dende En Marea consideramos que, vistas as tendencias positivas das reservas online no sector turístico nos últimos anos, faise necesario un Plan de comunicación de turístico online integral para Galicia, co obxectivo de acadar unha relación máis directa co consumidor.

As iniciativas para impulsar o turismo galego a través de mecanismos offline seguen sendo importantes, pero a evolución cara a dixitalización do sector é suficientemente clara e importante como para que a Xunta impulse unha iniciativa que permita a Galicia estar á vangarda española na utilización de internet para potenciar o sector turístico.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a crear un Plan de comunicación de turismo online que permita dar maior visibilidade o sector turístico galego en internet. Este Plan deberá centrarse tanto no mercado nacional como internacional, facendo especial referencia naqueles países máis susceptibles para acadar turistas.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 01/02/2017 17:51:35

Paula Vázquez Verao na data 01/02/2017 17:51:41

Magdalena Barahona Martín na data 01/02/2017 17:51:47

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/02/2017 17:51:54

Juan José Merlo Lorenzo na data 01/02/2017 17:51:58

Antón Sánchez García na data 01/02/2017 17:52:00

Eva Solla Fernández na data 01/02/2017 17:52:03

Luca Chao Pérez na data 01/02/2017 17:52:06

Paula Quinteiro Araújo na data 01/02/2017 17:52:09

Luis Villares Naveira na data 01/02/2017 17:52:14

José Manuel Lago Peñas na data 01/02/2017 17:52:18

Francisco Casal Vidal na data 01/02/2017 17:52:22

David Rodríguez Estévez na data 01/02/2017 17:52:26

Marcos Cal Ogando na data 01/02/2017 17:52:29

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa dos deputados e deputadas Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa a creación dun Plan para favorecer o cooperativismo entre os emigrantes retornados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cooperativismo afianzouse durante estes anos de crise económica como un dos motores máis importante para fortalecer o sistema produtivo galego.

Na actualidade existen máis de 1200 cooperativas activas en Galicia, o que representa un aumento de 150 en relación ao ano 2009. Estas cooperativas xeran máis de 10.000 postos de traballo directos e contan con preto de 90.000 socios e socias

Dende En Marea queremos seguir potenciando as cooperativas como un dos eixos centrais do modelo produtivo galego, xa que representan a mellor opción para explotar de forma eficiente os recursos que a nosa terra pode chegar a ofrecernos.



Por outro lado, a emigración representa unha lacra para a nosa sociedade, afectando directamente tanto á demografía como a economía. Consegui-
r que moitos emigrantes retornen a Galicia é fundamental para a supervivencia do noso país.

Durante o ano 2015 máis de 2500 emigrantes en idade de traballar decidiron retornar a Galicia, moitos deles aínda sen unha visión clara de cal sería o seu futuro. O Plan para favorecer o cooperativismo nos emigrantes retornados é unha oportunidade tanto para os propios emigrantes retornados, dándolle unha posibilidade de saída laboral, como para a sociedade galega en xeral, xa que se poñen en valor modelos de negocio de economía social e respectuosos co medio ambiente.

Polo exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei, para ao seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Crear un Plan para favorecer o cooperativismo entre os emigrantes retornados.
2. Que este Plan non se limite a conceder axudas monetarias, senón que se involucre de forma activa en todo o proceso.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:



Carmen Santos Queiruga na data 01/02/2017 17:47:00

Magdalena Barahona Martín na data 01/02/2017 17:47:09

Paula Vázquez Verao na data 01/02/2017 17:47:17

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/02/2017 17:47:21

Juan José Merlo Lorenzo na data 01/02/2017 17:47:25

Antón Sánchez García na data 01/02/2017 17:47:29

Eva Solla Fernández na data 01/02/2017 17:47:33

Luca Chao Pérez na data 01/02/2017 17:47:37

Paula Quinteiro Araújo na data 01/02/2017 17:47:40

Luis Villares Naveira na data 01/02/2017 17:47:44

José Manuel Lago Peñas na data 01/02/2017 17:47:48

Francisco Casal Vidal na data 01/02/2017 17:47:52

David Rodríguez Estévez na data 01/02/2017 17:47:55

Marcos Cal Ogando na data 01/02/2017 17:47:58

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa dos deputados e deputadas **Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativo a formulación dunha Lei de Lobbies galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A realidade na que nos atopamos é que empresas, fundacións, medios de comunicación ou outros suxeitos ou grupos de presión, teñen en moitas ocasións máis influencia sobre os contidos e os destinos das políticas públicas; promovendo, defendendo ou representando un interese particular fronte os propios intereses da cidadanía ou do beneficio para o conxunto dos cidadáns.

Por isto, dende En Marea, vemos totalmente necesario e prioritario a creación dunha Lei de Lobbies galega, introducindo así maior transparencia e integridade formal no sistema de relación entre actores públicos e privados cara a influencia nas políticas públicas, promovendo un sistema de maior equilibrio. Con obxectivos primordiais como o de de facer transparentes as reunións e as



conclusións do goberno cas grandes empresas, medios ou grupos de interese particular, así coma un rexistro dos Lobbies.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á creación e impulso dunha Lei de Lobbies Galega dotada de eficacia que favoreza os intereses do conxunto da sociedade.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 01/02/2017 17:50:21

Magdalena Barahona Martín na data 01/02/2017 17:50:29

Paula Vázquez Verao na data 01/02/2017 17:50:38

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/02/2017 17:50:41

Juan José Merlo Lorenzo na data 01/02/2017 17:50:45

Antón Sánchez García na data 01/02/2017 17:50:48



Eva Solla Fernández na data 01/02/2017 17:50:51

Luca Chao Pérez na data 01/02/2017 17:50:54

Paula Quinteiro Araújo na data 01/02/2017 17:50:57

Luis Villares Naveira na data 01/02/2017 17:51:00

José Manuel Lago Peñas na data 01/02/2017 17:51:03

Francisco Casal Vidal na data 01/02/2017 17:51:06

David Rodríguez Estévez na data 01/02/2017 17:51:10

Marcos Cal Ogando na data 01/02/2017 17:51:14

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa das súas deputadas Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa a creación dun Plan de emerxencia para o retorno da mocidade galega emigrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o inicio da crise económica, no ano 2008, máis de 100.000 galegos e galegas tiveron que emigrar a outros países. Isto representa un drama non só para estas persoas, senón tamén para milleiros de familias, que teñen que ver como os seus seres queridos parten na procura dun futuro mellor.

Moitos destes emigrantes son mozos e mozas da xeración galega mellor preparada da historia, unha xeración que representa o futuro tanto económico como social de Galicia. Dende En Marea consideramos primordial que estes xóvenes emigrados teñan a oportunidade de volver as súas casas.

Este Plan de emerxencia para o retorno da mocidade galega potenciará aspectos como a inserción laboral ou o emprendemento, permitindo que aqueles xóvenes



emigrados que o desexen, poidan acadar unha situación que lle permita vivir con dignidade na nosa terra.

Que a mocidade galega emigrada volva ten beneficios moi importantes para a nosa sociedade, porque ademais de facer fronte á crise demográfica, permítese o rexuvenecemento do mercado laboral, aspecto clave para favorecer a competitividade empresarial.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei, para ao seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á creación dun Plan de emerxencia para o retorno da mocidade galega emigrada.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 01/02/2017 17:54:10

Magdalena Barahona Martín na data 01/02/2017 17:54:17

Paula Vázquez Verao na data 01/02/2017 17:54:26



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/02/2017 17:54:29

Juan José Merlo Lorenzo na data 01/02/2017 17:54:32

Antón Sánchez García na data 01/02/2017 17:54:35

Eva Solla Fernández na data 01/02/2017 17:54:38

Luca Chao Pérez na data 01/02/2017 17:54:42

Paula Quinteiro Araújo na data 01/02/2017 17:54:45

Luis Villares Naveira na data 01/02/2017 17:54:49

José Manuel Lago Peñas na data 01/02/2017 17:54:54

Francisco Casal Vidal na data 01/02/2017 17:54:58

David Rodríguez Estévez na data 01/02/2017 17:55:01

Marcos Cal Ogando na data 01/02/2017 17:55:05

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa dos deputados e deputadas Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa a potenciación do software libre na administración local.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (Amtega) 8 de cada 10 concellos galegos dispoñen de software libre en algún sistema informático, o que reflexa unha evolución positiva durante estes últimos anos.

Entre os beneficios que se poden enumerar do software libre para as administracións públicas están a seguridade, xa que é moito mais fácil detectar problemas, ademais da eficiencia, porque o software libre permite ser adaptado ás necesidades que cada Administración local ten, podendo ser mellorado cantas veces sexa necesario.



Dende En Marea consideramos que a potenciación do software libre nos concellos é un eixo fundamental para acadar unha administración pública local eficiente e adaptada ós novos tempos.

Analizando o informe elaborado por Amtenga, a principal acción que demandan os concellos para a promoción do software libre é a formación dos usuarios nesta materia (83,4% dos concellos) seguido por asesoramento concreto para cada concello con un 75,9%.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Favorecer que todos os concellos de Galicia posúan o software libre.
2. Brindar aos usuarios da administración local asesoramento personalizado e formación continua sobre o software libre para acadar o mellor rendemento posible do mesmo.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 01/02/2017 17:52:56



Magdalena Barahona Martín na data 01/02/2017 17:53:03

Paula Vázquez Verao na data 01/02/2017 17:53:10

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/02/2017 17:53:13

Juan José Merlo Lorenzo na data 01/02/2017 17:53:17

Antón Sánchez García na data 01/02/2017 17:53:21

Eva Solla Fernández na data 01/02/2017 17:53:25

Luca Chao Pérez na data 01/02/2017 17:53:28

Paula Quinteiro Araújo na data 01/02/2017 17:53:31

Luis Villares Naveira na data 01/02/2017 17:53:35

José Manuel Lago Peñas na data 01/02/2017 17:53:39

Francisco Casal Vidal na data 01/02/2017 17:53:42

David Rodríguez Estévez na data 01/02/2017 17:53:46

Marcos Cal Ogando na data 01/02/2017 17:53:49

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa dos deputados e deputadas Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa a creación dun Observatorio Cidadá de Avaliación de Políticas Públicas e Rendición de Contas Independente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión dos gobernos incide directamente no crecemento económico e na calidade de vida da poboación; por iso, fomentar a transparencia na administración dos recursos públicos promoverá una cultura de rendición de contas, que ao par, facilitará a participación cidadá e permitirá o exercicio dun control responsable. Vemos necesario crear unha ferramenta que permita o exercicio da xestión pública sustentado en datos certos, que proporcione información sobre a marcha institucional dos programas e dos proxectos, permitindo a súa análise e avaliación de forma independente, estámonos referindo á creación dun Observatorio Cidadá de Avaliación de Políticas Públicas e Rendición de Contas Independente.

A creación do Observatorio Cidadá de Avaliación de Políticas Públicas e Rendición de Contas Independente en Galicia facilitará a participación de todos os galegos na vida política, cumprindo así coa esixencia cidadá do control do público, tendo en conta que a corrupción situase entre as principais



preocupacións dos cidadáns, é necesario priorizar mecanismos que incrementen a transparencia e faciliten un amplo acceso a información.

Este Observatorio, permitiría ter na nosa Comunidade un órgano técnico independente, encargado de recolectar, analizar e investigar a marcha institucional das Políticas Públicas, outorgándolle ó poder executivo unha ferramenta con datos obxectivos que faciliten o desenrolo da actividade governamental en beneficio da cidadanía, asegurando así a participación de calquera persoa ou colectivo afectado por algunha lexislación ou xestión pública.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei, para ao seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Implantar o Observatorio Cidadán de Avaliación de Políticas Públicas e Rendición de Contas Independente na Comunidade Autónoma de Galicia, como órgano totalmente independente.
2. Fomentar a participación cidadá na creación, desenrolo, control e avaliación das políticas públicas levadas a cabo polo Goberno galego, a través dun órgano independente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017.



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 01/02/2017 17:49:00

Magdalena Barahona Martín na data 01/02/2017 17:49:07

Paula Vázquez Verao na data 01/02/2017 17:49:16

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/02/2017 17:49:20

Juan José Merlo Lorenzo na data 01/02/2017 17:49:23

Antón Sánchez García na data 01/02/2017 17:49:26

Eva Solla Fernández na data 01/02/2017 17:49:29

Luca Chao Pérez na data 01/02/2017 17:49:32

Paula Quinteiro Araújo na data 01/02/2017 17:49:36

Luis Villares Naveira na data 01/02/2017 17:49:39

José Manuel Lago Peñas na data 01/02/2017 17:49:45

Francisco Casal Vidal na data 01/02/2017 17:49:49

David Rodríguez Estévez na data 01/02/2017 17:49:53

Marcos Cal Ogando na data 01/02/2017 17:49:57

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A Edar de Aguións, no concello de A Estrada, supón dende hai tempo un motivo de preocupación para os habitantes deste concello, pois estanse detectando de maneira continuada vertidos de fecais que se poden observar na minicentral de Barbude.

En recentes datas foron publicados resultados de análises químicos das augas, realizados en lugares anteriores (Ponte Nogueira) e posteriores ao paso da auga pola Edar (incorporación das augas ao río Liñares). Os resultados veñen de amosar un nivel de potabilidade que non entra dentro do nivel B, amosando índices de amonio de 19,9 miligramos/litro, o que multiplica por 150 os valores atopados nas augas anteriores á depuradora e por 30 os valores para aceptar dito nivel B de potabilidade. Cabe lembrar que o amonio fórmase pola descomposición da urea de ouriños. Esas propias mostras presentaron elevadísimas cantidades de colonias de coliformes, o que conleva a presenza de E Coli e estreptococos no auga que a fan perigosa para o uso.

O río Liñares, do que foron tomadas estas mostras, verte as súas augas ao Ulla, que rega o concello de A Estrada e a toda a comarca. As e os veciños apuntan a súa inquietude, e demandan medidas para evitar que a contaminación se espalle máis. Os problemas derivados de contaminación teñen un evidente efecto medioambiental e poden danar os cotos de salmón do propio río Ulla.

 Grupo Parlamentario

A pesares destas evidencias, que as e os veciños veñen alertando hai tempo, o Concello de A Estrada sostén que a calidade das augas é aceptable e nega a existencia do problema na Edar de Aguións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar, de maneira urxente, unha avaliación técnica do estado da Edar de Aguións para estimar as necesidades de reforma.
2. Realizar, por parte de Augas de Galicia, unha análise do estado das augas á entrada e saída da Edar de Aguións, centrándose especificamente nos niveis de amonio e a presenza de coliformes.
3. Tomar as medidas oportunas para garantir, á maior brevidade, a calidade das augas, a non contaminación medioambiental e a garantía de protección dos cotos de salmón e as canles do río.

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 01/02/2017 17:59:52

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/02/2017 17:59:58

Raúl Fernández Fernández na data 01/02/2017 18:00:04

María Luisa Pierres López na data 01/02/2017 18:00:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2017 18:01:04

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Co obxectivo de fomentar a competitividade fronte a outras flotas de países terceiros, facendo posible que se aplicaran unha serie de desgravacións fiscais e de cotas á Seguridade Social, para buques de pesca comunitarios que faenan fóra da comunidade publicouse a Orde AAA/1179/2015, do 8 de xuño, pola que se crea un Rexistro Especial de Empresas de Buques de Pesca Españois que faenan exclusivamente en augas extracomunitarias, e que regula a súa estrutura e funcionamento.

A inscrición no Rexistro non outorga o dereito a percibir axudas, senón que constitúe unha condición necesaria para recibilas, cando estas adquiren vixencia.

A día de hoxe, as axudas seguen estando pendentes de adquirir plena vixencia. De modo que a flota perde competitividade fronte a outros países con custes inferiores.

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan presentan a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa o Goberno central c lle solicite que adopte as medidas necesarias para que as axudas derivadas da inscrición no Rexistro Especial de Empresas de Buques de Pesca españois que faenan exclusivamente en augas extracomunitarias adquiren plena vixencia.

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 31/01/2017 11:20:04

Julio Torrado Quintela na data 31/01/2017 11:20:21

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/01/2017 11:20:31



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz solicitan a esa mesa se proceda a realizar unha corrección de erros advertida no documento con número de rexistro 4289, no primeiro parágrafo onde di: “... presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª”, debe dicir: “... presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para a súa tramitación na Comisión 8ª”.

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 01/02/2017 18:06:04

Julio Torrado Quintela na data 01/02/2017 18:06:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2017 18:06:49

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do súa deputada, María Dolores Toja Suárez e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O convenio 188 da Organización Internacional do Traballo aprobouse en xuño de 2007, co obxectivo de que as persoas que traballan nos barcos de pesca teñan condicións decentes de emprego, traballo e vida a bordo. Este sector caracterizado por ter condicións moi duras e perigosas de traballo, así como pola coexistencia de pequenas empresas familiares dedicadas á pesca artesanal xunto con empresas dedicadas a pesca industrial.

O convenio responde aos desafíos que implica a globalización con disparidade de condicións de vida e traballo a bordo dos buques, así como a aplicación de normas de seguridade e control.

Tamén busca un desenvolvemento sostible do medio mariño tendo en conta a harmonización social, preservación da seguridade e do medio ambiente mundial.

O Convenio 188 da OIT sobre o traballo na pesca, necesita da ratificación de como mínimo dez países, oito deles deben ser Estados ribeireños, para a súa entrada en vigor, e será efectiva un ano despois da última ratificación necesaria.

O último país en ratificar o Convenio foi Lituania o 16 de novembro de 2016, co cal, entrará en vigor efectivamente o 16 de novembro de 2017.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa o Goberno central e lle esixa que de forma inmediata ratifique o Convenio 188 da OIT.



 [Grupo Parlamentario](#)

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 01/02/2017 18:34:47

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela na data 01/02/2017 18:35:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2017 18:35:26

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A disposición adicional quinta do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia afirma textualmente: “ Con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, a consellería competente en materia de educación avaliará os resultados derivados da aplicación deste decreto e desenvolverá cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias”

Nos sete anos que leva en vigor o decreto, este obriga nunca foi cumprida polo goberno de Galicia e, polo tanto, non hai ningunha avaliación dos resultados que tivo e está a ter, o chamado decreto do plurilingüismo.

Esta falta de avaliación e o incumprimento por parte da Xunta de Galicia, foron denunciados mesmo no Informe sobre a aplicación da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias en Galicia.

Son moitas as voces que alertan dos efectos negativos da aplicación do decreto do plurilingüismo, entre elas o citado informe que manifesta claramente a preocupación do Consello de Europa polos efectos negativos que están a ter por canto reduce a un terzo o uso da lingua propia no ensino, mentres prohíbe o uso do galego en materias como as matemáticas a física e química.

Grupo Parlamentario

O citado informe está a denunciar algo evidente como é a redución gradual da presenza do galego no ensino medio, e o forte retroceso do seu uso nos niveis educativos de infantil e primaria o que impide unha correcta formación dos nenos e nenas na lingua propia.

Por outra parte, as estatísticas indican que nos últimos anos hai un crecemento moi importante do número de persoas que nunca utilizan o galego, mentres que entre a xente nova das cidades o uso do noso idioma é moi escaso, e institucións tan importantes como a Real Academia Galega e o Consello da Cultura Galega consideran que este decreto constitúe un retroceso para a consecución da normalización lingüística.

Con todos estes elementos é evidente que se fai absolutamente necesario avaliar as consecuencias da aplicación do Decreto 79/2010.

Así o ven tamén as Universidades galegas que se ofreceron a realizar este traballo dende a súa alta cualificación profesional e a súa grande experiencia.

Os socialistas consideramos que o goberno galego non pode continuar sen analizar cientificamente os resultados da aplicación do decreto do plurilingüismo, e que son os equipos de investigación das universidades galegas os mais adecuados para realizar unha avaliación científica, seria, transparente, rigorosa e obxectiva dos resultados da aplicación do decreto 79/2010

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a formalizar de forma urxente os convenios e acordos necesarios coas tres Universidades de Galicia para organizar un equipo de traballo constituído por expertos e profesionais do SUG que avalíen os resultados da aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

 Grupo Parlamentario

Esta avaliación será realizada anualmente, tal como marca o Disposición adicional Quinta do dito Decreto, e os seus resultados serán presentados na Comisión de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia para os seu debate.”

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 01/02/2017 18:59:49

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 01/02/2017 18:59:57

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2017 19:00:02

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O servizo público da Xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. E o Turno de Oficio constitúe, sen dúbida, unha boa parte desa prestación dun servizo público. O Goberno galego teno esquecido, pois as contías que reciben as e os profesionais do Turno de Oficio están conxeladas dende o ano 2009 e é imprescindible unha mellora no desglose dos conceptos incluídos no baremo de compensación.

Hoxe sabemos que a *Dirección General de Tributos*, dependente do *Ministerio de Hacienda* do Estado, ten declarado o fin da exención fiscal da que se beneficiaban uns 2500 profesionais en Galicia dende hai uns 30 anos. Así, os servizos que presten as e os avogados e as e os procuradores adscritos ao Turno de Oficio deixarán de estar exentos de IVA. O cambio ten a súa motivación nunha sentenza do Tribunal de Xustiza da UE, que di que a asistencia xurídica gratuíta non entra nos supostos de exención do tributo.

A cuestión está en quen deberá asumir a factura. O Grupo Parlamentario Socialista entende que a Administración, posto que supón reducir aínda máis (un 21 % máis) os xa raquíuticos honorarios do baremo do Turno de Oficio.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a asumir o sobrecusto que vai supoñer a decisión da Dirección General de Tributos do Ministerio de Hacienda do Estado de que os servizos que prestan as e os profesionais adscritos ao Turno de Oficio deixen de estar exentos de IVA, procedendo ao incremento da partida orzamentaria a tal efecto.

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/02/2017 19:06:39

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/02/2017 19:06:45

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/02/2017 19:06:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2017 19:06:51

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputada, **César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo e Antonio Mouriño Villar**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

No eido da sociolingüística enténdese por “neofalantes” o conxunto de persoas que se converten en usuarias habituais e, con frecuencia exclusivas, dunha lingua que non foi a súa lingua materna ou familiar.

A incorporación de “neofalantes” resulta sempre un elemento dinamizador da lingua e, polo tanto, a incentivación e protección deste achegamento á lingua galega, debe ser sempre un elemento de gran valor para conseguir unha maior difusión, en todos os ámbitos da sociedade, do uso da lingua galega.

Cómpre poñer en valor o esforzo que realizan os “neofalantes” e darlles visibilidade como un exemplo na difusión do uso do galego e como un estímulo no camiño da normalización e da incorporación de novos falantes de galego.

En moitas ocasións, o esforzo realizado polos neofalantes non é suficientemente valorado e a proliferación de “neofalantes” provoca tensións nos planos formal e funcional da lingua, o que require un especial coidado e unha atención pormenorizada dende o ámbito das políticas públicas.

Dende o Grupo Parlamentario Popular, consideramos moi positiva a posta en valor da figura dos “neofalantes” como vehículo de dinamización do uso da lingua galega e, polo tanto, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha accións orientadas a amosar as vantaxes de falar galego, apoiar os neofalantes novos que están pensando ou xa teñen decidido adoptar o galego como lingua de comunicación. En paralelo ao anterior, estas accións tamén deberán axudar a combater os posibles estereotipos e prexuízos que poidan existir arredor da intencionalidade ou competencia

lingüística de quen comeza a utilizar o idioma propio de Galicia, sen ser esta a súa lingua inicial.”

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/02/2017 10:59:54

César Manuel Fernández Gil na data 02/02/2017 11:00:06

Moisés Blanco Paradelo na data 02/02/2017 11:00:09

Teresa Egerique Mosquera na data 02/02/2017 11:00:16

Martín Fernández Prado na data 02/02/2017 11:00:27

Carlos Gómez Salgado na data 02/02/2017 11:00:38

Carlos Enrique López Crespo na data 02/02/2017 11:00:52

Antonio Mouriño Villar na data 02/02/2017 11:01:02

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 4.^a, Educación de Cutlura**.

Exposición de motivos

A comarca dos Ancares ten un amplo patrimonio artístico entre o que destaca o castelo de Doiras, na parroquia de Santa María de Vilarello, no concello de Cervantes.

Este castelo, verdadeiro símbolo da comarca e referente das fortalezas medievais, é un BIC dende 1994 e nos últimos días foi noticia porque o colectivo Patrimonio dos Ancares deu a coñecer -e entregou á Xunta de Galicia- un informe alertando de danos na fortaleza e dos efectos do abandono.

O castelo de Doiras pertence a Fundación Xosé de Soto e o seu secretario negou que o estado da fortaleza fora de abandono dado que realizan traballos periódicos de mantemento, tendo programadas varias accións para 2017, aínda que recoñece que a Fundación non ten os medios económicos suficientes para rehabilitar totalmente e poñer en valor esta fortaleza.

A responsabilidade do mantemento e da protección dun BIC é innegablemente do propietario pero tamén da Comunidade Autónoma que non pode estar impasible ante o deterioro dun patrimonio monumental de esta importancia ademais de ter todas as competencias por lei.

Por outra parte sería importante tamén poñelo en valor como recurso turístico que axude a conseguir unha economía sustentable na zona

 Grupo Parlamentario

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a establecer conversas coa Fundación Xosé Soto para chegar a acordos que posibiliten a rehabilitación e posta en valor do castelo de Doiras e así evitar o seu deterioro e apuntalar a economía da comarca.”

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López

Luis Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 02/02/2017 11:43:13

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/02/2017 11:43:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/02/2017 11:43:24



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2017 13:16
Nº Rexistro: 4443
Data envío: 02/02/2017 13:16:20.737

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á petición de derogación do Real Decreto-Lei 16/2012 de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións.

O Consello de Ministros aprobou o 20 de abril de 2012 o Real Decreto-Lei 16/2012 *de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións*, polo que se puxo en marcha unha reforma estrutural do Sistema Nacional de Saúde. Con data de 4 de agosto de 2012, publicouse o Real Decreto 1192/2012 que desenvolve os requisitos e condicións das figuras de persoas aseguradas e beneficiarias do Sistema Nacional de Saúde.

Esta disposición supuxo unha transformación profunda do noso sistema sanitario. Por unha banda, reduciu a carteira básica de servizos, reducindo a achega pública sobre medicamentos, prestacións e recursos sanitarios, co conseguinte incremento do gasto para as familias. Por outra banda, modificouse o dereito de acceso ao SNS, supeditando o mesmo á condición de “asegurado” ou “beneficiario”. Desta forma, a nova lexislación rompeu co principio fundamental de Universalidade do Sistema Nacional de Saúde. Os efectos desta medida teñen sido devastadores



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2017 13:16
Nº Rexistro: 4443
Data envío: 02/02/2017 13:16:20.737

sobre a poboación máis vulnerábel, tal como foi documentado ao largo dos últimos anos por diversas organizacións sociais. Algúns informes recentes advirten dos numerosos casos en todo o territorio español de persoas que viron vulnerado o seu dereito humano á saúde, como consecuencia da exclusión sanitaria. Neste senso a área sanitaria de Galicia no é unha excepción en son múltiples os casos de vulneración que nos reportan as organizacións sociais.

Xa dende o momento da súa aprobación o RDL 16/2012 foi contestado dende algunhas autonomías, que rexeitaron a súa aplicación ou proveron mecanismos para evitar que as persoas en situación irregular, ficaran totalmente fóra do sistema sanitario. A aprobación por parte da Xunta de Galiza do Programa galego de protección social da saúde pública, aínda que positivo, é totalmente insuficiente para reverter as consecuencias da exclusión sanitaria imposta polo Real Decreto-Lei 16/2012.

En vista da situación anteriormente descrita, faise evidente que o fin definitivo da exclusión sanitaria e a restitución dun sistema sanitario verdadeiramente universal só poden chegar a través dunha modificación lexislativa de alcance nacional.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego fai propia a iniciativa que nos achega a Rede Galega pola Defensa do Dereito á Saúde presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Non aplicar en Galiza o Real Decreto-Lei 16/2012 no seu ámbito territorial.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2017 13:16
Nº Rexistro: 4443
Data envío: 02/02/2017 13:16:20.737

Que se dirixa ao Goberno español esixindo a derogación do Real Decreto-Lei 16/2012 de 20 de abril, para garantir a sostibilidade do SNS e mellorar a calidade das súas prestacións.”

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 02/02/2017 13:14:55

Olalla Rodil Fernández na data 02/02/2017 13:15:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/02/2017 13:15:05



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2017 13:16
Nº Rexistro: 4443
Data envío: 02/02/2017 13:16:20.737

Noa Presas Bergantiños na data 02/02/2017 13:15:09

Xosé Luis Bará Torres na data 02/02/2017 13:15:14

Ana Pontón Mondelo na data 02/02/2017 13:15:17

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Casa da Xuventude de Ourense foi durante moitos anos o gran espazo dinamizador da cultura da cidade, de xeito especial entre a mocidade. Fundada en 1970, a segunda máis antiga de España, foi sobre todo a partir de 1978 coa chegada á dirección de Benito Losada cando viviu os seus mellores tempos, cunha grande actividade e, ademais, un funcionamento baseado na liberdade, na democracia e na participación da mocidade. Nas súas salas desenvolvéronse iniciativas de traxectoria consolidada e con repercusión en toda Galicia, coma as Xornadas de Banda Deseñada, o Outono Fotográfico, o Maio Xove, ou a Bienal de Caricatura.

No ano 2011, tralo pasamento do seu director, a Xunta de Galicia designou como directora a Mercedes Valeiras, que accedeu a este posto a través dun concurso público aberto enchido de irregularidades. Un recurso xudicial desautorizou este nomeamento, e apartou da dirección a Valeiras, que foi nomeada “coordinadora de actividades”, posto que exerce dende entón. Neste tempo a actividade da Casa, que mesmo mudou o seu nome polo de *Espazo Xove*, permanece practicamente bloqueada, cunha excesiva burocratización, a redución dos seus espazos e servizos, e un gran control político das súas actividades.

O último golpe da Xunta de Galicia é a nova situación do Punto de Encontro Familiar (PEF) dentro da Casa da Xuventude. Esta relocalización fainos pensar que existe un obxectivo claro: dismantelar este espazo emblemático da cidade de Ourense, deixándoo pouco a pouco baleiro de contido para convérte-lo nun edificio administrativo máis da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1. Recuperar o esquema de funcionamento da entidade, suprimindo o posto de coordinadora de actividades da Casa da Xuventude de Ourense, e restituíndo das súas funcións e plenos poderes á Dirección do centro.
2. Fomentar a participación das asociacións e colectivos xuvenís, para a identificación de necesidades, a planificación de accións e campañas, a participación e co-xestión en programas, ou a coordinación e dinamización deste espazo.
3. Relocalizar o Punto de Encontro Familiar nun emprazamento máis idóneo.
4. Reactivar o Consello de Xestión coa restitución das súas funcións coxestoras dentro da Casa da Xuventude.
5. Cambiar a denominación desta entidade pola de “Casa de Benito Losada”.

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 02/02/2017 13:14:55

 Grupo Parlamentario

Raúl Fernández Fernández na data 02/02/2017 13:15:01

Julio Torrado Quintela na data 02/02/2017 13:15:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/02/2017 13:15:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4.^a**, sobre o acoso escolar e o ciberacoso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na década dos setenta, algúns investigadores detectan como motivo detonante do suicidio de adolescentes o acoso escolar. É no 1978 cando o psicólogo escandinavo Dan Olweus introduce o termo bullying coma “un auténtico pesadelo” e con pegadas que moitas veces teñen prevalencia mesmo na vida adulta, o que fixo promover políticas de prevención, avaliación e intervención en diferentes estados.

Por outra banda, a definición inclúe tres características; intencionalidade, desequilibrio de poder entre agresor e vítima e a repetición da conduta no tempo. Porén, entendemos por acoso escolar toda agresión física ou psicolóxica dun escolar ou grupo de escolares cara outro/a, frecuente, que se mantén no tempo, e representa un expoñente das malas relacións entre escolares xunto cun desexo perverso de diversión.

Asemade, outro aspecto a destacar do acoso é o seu carácter social, xa que os resultados de estudos sobre este fenómeno apuntan algunhas características socio-afectivas sobre os escolares implicados/as no bullying e indican que



presentan unha posición social desfavorable respecto aos que non están implicados. Este aspecto sinala a necesidade de coñecer as percepcións e actitudes do profesorado, así como a estrutura socio-afectiva do grupo como mecanismo que contribúe a manter a relación agresión-vitimización, sendo a súa análise necesaria para orientar as actuacións preventivas encamiñadas a mellorar a convivencia escolar.

De xeito paralelo ao bullying presencial, asistimos dende hai uns anos á orixe dos cambios na realidade da violencia, dando lugar a novas estruturas de agresión entre iguais como é o caso do ciberacoso o cyberbullying no que se empregan as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), principalmente Internet e o teléfono móbil. Traspasa o espazo e o tempo, facilita o ataque dende o anonimato e nos espazos virtuais, aos que calquera ten acceso. Neste sentido, a falla de control parental, as condutas pouco seguras en Internet, o uso de redes sociais, así como os programas de mensaxería instantánea e a frecuencia do uso de Internet durante a fin de semana, son factores de risco tanto de cibervitimización ocasional como habitual.

Ademais, tanto o bullying como o cyberbullying considéranse factores de risco social e emocional asociado a problemas psicolóxicos, que transcenden a vida escolar, constituíndo un claro antecedente das condutas disociais. Malia todo, as TIC constitúen á súa vez, ferramentas convenientes para intervencións con nenos/as e adolescentes que sufriron este fenómeno, xa que promoven o seu benestar emocional, psicolóxico e social.

Noutra orde de cousas, o Informe Save the Children (2016) recolle que todos os nenos e nenas teñen dereito a ser protexidas de todas as formas de violencia e a posibilitarlles o desenvolvemento de todo o seu potencial de aprendizaxe nun ambiente seguro. No seu estudo elevaba a 9,3% as vítimas do acoso e a 6,9% as de ciberacoso.

A Fundación ANAR nun documento publicado en 2016, demostra o incremento de 272% das chamadas de nenos/as e adolescentes. Ademais alerta de que gran parte das vítimas (o 70%) sofre acoso cotiá.

O contexto normativo español de forma xenérica, establece unha cobertura legal en relación ao acoso en diferentes documentos: A Constitución Española de 1978 e o preámbulo da LOGSE de 1990. No Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, establécense os Dereitos e Deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros educativos e sinálase o carácter educativo e recuperador das sancións. Asemade, a Lei Orgánica de Educación de 2/2006 reconece o importante papel da institución escolar na prevención e loita contra o bullying, e para a educación da non violencia. Tamén se creou o Observatorio da Violencia Escolar, estatal e nas distintas CCAA, e indícase que todos os centros escolares deben elaborar o denominado Plan de Convivencia. Ademais, a lexislación educativa inclúe unha referencia ás vítimas de acoso na LOE, 2006. Malia todo, podemos afirmar que non existe unha lei que regule de forma específica e integral este grave problema.

Necesitamos contar cun marco lexislativo que aborde estas agresións tan actuais como preocupantes, xa que debemos ter respaldo legal e preceptivo que atenda tanto ás consecuencias do fenómeno como aos seus e ás súas protagonistas.

Hai máis dunha década que a nosa Comunidade creou ferramentas normativas e protocolos, para facer fronte ao acoso pero descoñecemos o su alcance real, e o seu axuste ás indicacións propostas polas persoas expertas.

En Galicia temos a Lei 4/2011, de 30 de xuño, o Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro e o Decreto 15/2007 de 19 de abril.

Recóllese o termo de ciberacoso. O carácter das medidas é correctivo/disciplinario para o agresor e de apoio e protección ás vítimas. Existe un Protocolo tipo B.



Necesitamos estratexias que apoien a intervención do profesorado para que non fiquen expostos á improvisación.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Realizar un novo diagnóstico de acoso escolar e ciberacoso.
- Reelaborar os protocolos e adaptalos á realidade das nosas aulas.
- Elaborar as respostas educativas necesarias que superen o actual modelo de carácter sancionador e disciplinario.
- Elaborar programas preventivos relacionados cos fenómenos de acoso escolar e ciberacoso.
- Poñer en marcha o Plan de Convivencia Escolar.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 02/02/2017 17:44:40

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/02/2017 17:44:52

Luis Villares Naveira na data 02/02/2017 17:45:02

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, sobre o IVE cultural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

De acordo coa Constitución, os poderes públicos deben promover e tutelar o acceso á cultura á que todos temos dereito, e corresponden ás comunidades autónomas, as competencias no seu fomento. Con todo, unha das poucas responsabilidades que claramente corresponden ao Estado en política cultural, é a de establecer a fiscalidade que grava os bens e servizos culturais. E neste sentido, esta fiscalidade debería adecuarse ás características de ben de interese xeral, explicitamente protexido pola Constitución, tal como ocorre na práctica totalidade de estados europeos.

O IVE representa unha dificultade económica engadida nun ben en principio que debe ser protexido polas administracións (tal e como establecen a Constitución e o Estatuto de Autonomía), a cultura, e que se ve ameazado gravemente.

Establece agravios comparativos entre sectores como o sector das artes escénicas e o cine respecto ao sector editorial (o primeiro gravado ao 21% e o segundo ao 4%)

Baséase nun criterio de soporte máis que de contido: O IVE reducido séguese aplicando a todo tipo de publicación periódicas, desde motor, caza ou



pornográficas (cun 4%) e pola contra tarifica o IVE normal o libro dixital ao considerarse servizo informático (21%).

Prexudica ao sector cultural respecto a outras ofertas de ocio como o fútbol e outros espectáculos.

Supón un elemento desestabilizador no modelo de negocio nun momento no que a piratería e a adaptación cara o modelo dixital fan abanear as industrias culturais.

É fiscalmente contraproducente en global ao producir unha baixada na cifra de emprego no sector cultural, e polo tanto, unha baixada na recadación.

Lastra o acceso á cultura, reduce a capacidade dos espectadores e encarece o prezo das entradas.

Envía unha mensaxe negativa á sociedade ao equiparar os produtos culturais a unha mercadoría ou servizo de consumo calquera. Sen considerar o valor intrínseco da cultura (teatro, danza, circo, música en vivo, cinema...) e asimilándoo a un entretemento superfluo ou mero recurso instrumental.

Algúns grupos e compañías resisten, outras moitas xa non están.

A cultura crea emprego, xera oportunidades e pode formar parte dun novo modelo produtivo que debera impulsar o Goberno Galego e o Goberno Estatal.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a esixir do Goberno Central que impulse, de forma urxente, a redución do tipo impositivo do IVE aplicable aos produtos e servizos culturais, tal e como ocorre na case totalidade dos Estados membros da Unión Europea, situándoo na porcentaxe do 4 % ?




Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/02/2017 18:12:16

Luca Chao Pérez na data 02/02/2017 18:12:26

Luis Villares Naveira na data 02/02/2017 18:12:34



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727